

PREGUNTA DE AER SOBRE A PUBLICACIÓN DOS SALARIOS DA CORPORACIÓN

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

“No pleno do pasado 6 de xuño aprobouse , por unanimidade, unha moción de AER sobre transparencia, na que se recollían os seguintes acordos:

“Publicar na páxina web do Concello:

- 1.- Salario de cada un dos membros da corporación.
- 2.- Contía da subvención recibida por cada grupo político.
- 3.- Cartos que reciban os membros da corporación por asistir a outros organismos, como GDR, Deputación, Portos de Galicia, etc....
- 4.- Dietas recibidas polos concelleiros con responsabilidade de goberno e concepto das mesmas, cunha frecuencia semestral.
- 5.- Gastos de protocolo do equipo de goberno e concepto dos mesmos, cunha frecuencia semestral.
- 6.- Tódolos datos anteriores dende o inicio deste mandato.”

Por máis que buscamos na paxina do Concello, non atopamos esa información. Polo que, ou está moi difícil de atopar ou aínda non levaron a cabo despois de case 4 meses o acordado no pleno. Vendo que teñen feito cousas na paxina web, que a noso entender, parecen moito mais complicadas como o pago de taxas e impostos on-line, preguntamos:

Cando teñen pensado subir dita información cumprindo así o compromiso de ter maior transparencia de cara á veciñanza?”

O concelleiro Álvarez Ballesteros di que o cadro de retribucións xa está feito aínda que falta algún dato de administracións. Di que cando se teña se publicará.